



**Confederación
Intersindical
Galega**

Sección Sindical Telefónica
A Coruña
fño 981 183969 / fax 981 212804
correo: cigcoruna-tele@terra.es

BOLETÍN SINDICAL

XANEIRO 2003



www.plataformanuncamais.org

contacto@plataformanuncamais.org

TEMPO DE ELECCIÓN.

Temos de novo eleccións á volta duns poucos meses e xá está boa parte da sociedade metida de cheo nelas, podemos ver claramente como os medios de comunicación están mostrando ás súas liñas editoriais en boa parte do que publican con maior descaro, para eles comezou a campaña. E un feito moi preocupante que practicamente o 100 % dos medios de comunicación se decanten polos dous partidos maioritarios do estado español, coincidindo ademais no ataque ó resto de forzas políticas de feito que os dous grupos de opinión pódense atacar entre eles pero interésalles a ambos impoñer a idea de que temos que escoller tan só entre eles dous, así cando falan do resto de forzas políticas coinciden ambos en atacalas. Que aínda así poida haber grandes cidades como Córdoba ou Vigo gobernadas por outras forzas ten que facernos pensar cal sería a situación con outros medios de comunicación.

Con este panorama é moi necesario que exista comunicación entre todas ás organizacións cidadáns para de algún xeito manernos informados entre nos con uns puntos de mira mais plurais, e aquí é onde os sindicatos deberían aportar moito mais. Dun tempo a esta parte os discursos da maioría de organizacións sindicais vólvense ambiguos cando entramos en período electoral, medindo excesivamente as palabras, precisamente

**ANTES NA TABERNA POÑIAN UNS
"CALAMARES EN SU TINTA" BOÍSIMOS.
AGORA EN TODOS OS LADOS OS
POÑEN EN "SU" TINTA**

**¡ EQUILICUA!
NAS
ELECCIÓN
SE VERAN**

cando se necesita que os discursos sexan mais claros, non debe ser moi difícil para calquera sindicato dicir que opcións políticas son mais adecuadas ós intereses dos traballadores, o problema aparece cando se pensa en outro tipo de políticas: subvencións, fondos de pensións, fondos para a formación, etc. Entón o discurso faise cada vez mais difícil de entender pois entran demasiadas cousas en xogo e quere se estar a todas.

Hoxe mais que nunca convén retomar discursos claros, estamos vivindo uns anos de retroceso democrático moi preocupante onde todo aquel que opine diferente do PP recibe un brutal ataque dende todos os medios de que dispoñen, ante este panorama é moi necesario que existan organizacións que sexan capaces

de mobilizar á xente e de facer crítica constructiva pero clara. Non chega con poñer o voto no caixón cada catro anos, moito menos cos medios de comunicación que temos, senón que durante todo o ano temos que traballar na defensa do sistema de vida no que cremos. Iniciativas plurais como "Nunca Mais", atacadas de forma totalmente antidemocrática polo goberno son exemplos claros de cómo se poden sumar esforzos para reivindicar dereitos tan lexítimos como a dignidade, estes son os camiños que deberiamos tomar entre todos para cubrir aquelas carencias que nos mostra a situación actual.

Luis Sande

Vigo, 29 de xaneiro de 2003

Cacerolada ás 6 da tarde na Porta do Sol en Vigo

Expansión musical contra o fuel: o 1 de febreiro, 130 concertos

O 1 de febreiro terá lugar en Galiza o Concerto Expansivo Contra a Burla Negra, un evento cultural único polas súas dimensións. Trátase dun só concerto que terá lugar simultaneamente en 130 puntos distintos do país. O acto está convocado pola Plataforma Contra a Burla Negra, formada por xentes da cultura de toda Galicia, e integrada en Nunca Máis.

Músicos, actores, escritores, magos, humoristas, malabaristas e contacontos subirán a máis dun cento de escenarios. O obxectivo é redamar que se faga xustiza e que se asuman responsabilidades políticas pola catástrofe do Prestige.

Haberá concertos en prazas públicas, en pubs, en teatros... e haberá música para todos os gustos: electrónica, canto coral, rock, pop, heavy, música tradicional, djs ou folc... Iso si, o prezo (3 euros) e a hora (22 horas) serán os mesmos para todos os lugares. A recadación será destinada á Plataforma Nunca Máis, para a organización da resposta social.

Na cidade de Vigo, ademais, as 6 da tarde, está convocada pola Plataforma Nunca Máis unha cacerolada na Porta do Sol, baixo o lema: "Porque segue a incompetencia, responsables demisión".

Ou o mar, ou a maleta: manifestación na Coruña o 9-F

"Salvem os mar ou só nos queda a maleta". Este é o lema da manifestación que vai ter lugar o domingo 9 de febreiro na Coruña, partindo ás 12 horas da Casa do Mar. Acude coa túa maleta.

Non podemos permitir que a única solución que nos dean sexa o paro, a marxinación ou a emigración. Seguimos reclamando unha solución para o barco, un plan de actuación urxente para a rexeneración do litoral, control e seguridade no tráfico marítimo e... responsabilidades políticas.



Nº de Conta: 2091-0300-46-3040140552

XA TEMOS LOCAL E TELEFONO / FAX

A partires de agora, a Plataforma xa te pode atender con máis medios. Temos un local en Vigo, e un número de teléfono ao teu servizo –

986 221510



NOVEMBRO 2002

DENUNCIAN A MANIPULACIÓN INFORMATIVA DA CRTVG

O comité de empresa da Compañía de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) denunciou nun comunicado o "control informativo e a falla de liberdade con que o poder político amordaza ós medios de comunicación públicos" na súa laboura sobor do sinistro do *Prestige*. O escrito engade que se diron "instrucións traxantes de non falar de marea negra, en sintonía co que decía o goberno". Pola súa banda, o director xeral da CRTVG, Francisco Campos, asegurou no Parlamento galego que a TVG foi a canle que ofreceu maior información sobor da catástrofe.

EL PAIS ,XOVES 21 NOVEMBRO 2002

O Constitucional anula a sanción a un sindicalista que criticou á empresa

O Tribunal Constitucional amparou os dereitos de liberdade sindical e de liberdade de información e expresión dun representante sindical, que foi sancionado a sete días de suspensión de emprego e soldo por criticar nun xornal o informe sobor *absentismo* laboural na empresa Aluminio Español, SA, de Lugo, e pedila demesión do xefe do servizo que o elaborou.

A sentenza, de 39 folios, da que foi ponente María Emilia Casas, anula as resolucións xudiciais que respaldaron a sanción e nega co informe fora reservado ou confidencial.

O Constitucional razoa cas declaracións do delegado da Confederación Intersindical galega CIG ó xornal *El Progreso* sobor asuntos "de indudabel interese laboural e sindical, por tratarse dunha materia estreitamente vencellada ca prevención de riscos labourais", foron obxecto dunha sanción "constitucionalmente ilexítima". En contra da sentenza de amparo votou Roberto García-Calvo.

"Para esto vale o sindicalismo de clase : para a defensa dos dereitos e o respecto do traballor. Logo tamen tes a obcion doutro tipo de sindicalismo: o servil e amarelo, sempre disposto o mellor postor. Nas tuas mans esta a elección."

O acoso sexual xa non é papel mollado.

“Falta moi grave en telemárketing”

O convenio nacional de empresas de telemárketing asinado este ano considera os actos de acoso sexual como “faltas moi graves”, co agravante se o acosador é un superior xerárquico: “de especial gravidade os actos dirixidos a persoas subordinadas con abuso de posición privilexiada”.

Outra novidade relevante, na dirección establecida pola Unión Europea, é a súa definición da intimidación sexual como unha acción discriminadora e atentatoria contra da dignidade persoal: “a tales efectos”, sinala o convenio de telemárketing, “entenderanse como actos de acoso sexual todas aquelas condutas de tal natureza, desenroladas no ámbito da empresa, que resultan ofensivas e non desexadas por que as sofre, creando un entorno laboral ofensivo, hostil, intimidatorio e humillante, determinando unha situación que afecta ó emprego e ás condicións de traballo”.

As sancións van dende a suspensión de emprego e soldo entre 11 días e 3 meses ate o despido, pasando pola perda temporal ou definitiva da categoría laboral.

Os empregados de Enron dabanlles cursiños sobor das consecuencias legais ás que se expón un acosador sexual nas empresas de EEUU. Eiquí, nembargantes, as cousas están aínda moi verdes. O 5 de outubro do 2002 publicouse unha directiva que apretará as tuercas. No ano 2005, todos os convenios deben recoller medidas para previr e afrontar o acoso.

O 23-F, macromanifestación en Madrid

A Plataforma Nunca Máis vén de convocar unha manifestación en Madrid que terá lugar o domingo 23 de febreiro.

Esta mobilización conta co apoio de partidos políticos da oposición, sindicatos e organizacións ecoloxistas e sociais de todo o Estado español, que reclamarán solucións ao caso 'Prestige', ademais de seguir pedindo responsabilidades políticas polo desastre.

Sairán centos de autobuses desde Galiza para acudir a esta nova cita reivindicativa, que atopará a solidariedade de toda a Península. En breve presentaremos o cartel da convocatoria e o percorrido da manifestación.

LADRILLOS PAGADOS A PREZO DE LINGOTES.

Os expertos inmobiliarios teñen calculado o número dos seus clientes potenciais, as persoas que necesitan casa cada ano. Coidan que son unhas 5000 por cada millón de habitantes. Cos datos adiantados do censo 2001, que establecen unha poboación total no estado de 42 millóns de habitantes, suponse entón que unhas 210.000 persoas incorporanse cada ano ó colectivo demandante de vivenda. Son os que queren una casa para vivir.

Dende 1999 ininterrompidamente constrúense-mais ou menos- medio millón de vivendas ó ano. Vendense todas. Moitas incluso denantes de escomenzala obra. ¿Quen merca as 300.000 vivendas que *sobran*? Familias que adquiren unha segunda residencia ademais da que xa teñen, e xente que merca piso coma se fose lotería, mais ca seguridade de que vaille tocar.

A combinación duns tipos hipotecarios inusitadamente baixos, dunha suba de prezos de venda de alomenos un 15 % anual, dunha Bolsa polo chan e dunha ridícula remuneración dos cartos por parte dos bancos fixo das casas un produto irresistible para grandes, medianos e cativos inversores. “ti mercas un piso de 20 millóns de pesetas (120.000 euros) en planos e pidenche só o 20% deses 20 millóns. Tal e como estivo o patio agora é moi doado que a entrega de chaves, ós 18 meses, esa vivenda custe xa 25 millóns. Cinco millóns de beneficio en ano e medio cunha inversión inicial tan baixa é algo que non che da ninguén, a non selo *cuponazo*.”

Se non se toman medidas para freala escalada de prezos, dentro de non demasiado haberá casas que a xente non vai mercar. Os inversores, co produto tan caro, xa non están tan animados, e a xente xa non pode endevedarse mais. Porque o malo de estar hipotecado ate o pescozo é que, mentres non suba a marea, ousexa, os tipos de interese, respiras; pero se sube, por pouco que sexa, afogaste. Eso sen contar que, a partires do 2006, escomenzara un baixón da xente que busca a súa primeira casa porque simplemente non nasceron. A piramide demográfica e ben crara.

¿Onde esta logo o futuro das inmobiliarias?, pois en dous tipos ben distintos de clientes: os xubilados europeos e os inmigrantes. Os inmigrantes van a sela gran masa de clientes do sector baixo e medio. E os xubilados do norde de Europa van facer do Mediterraneo o seu lar de retiro. Ese é o futuro, onde prima mais o negocio e a especulación que a planificación e o desenvolvemento digno e estable.

Carlos Perez Blanco .

CHURCHILL E O PRESTIGE

Winston Leonard Spencer Churchill, (Oxfordshire 1874 - Londres 1965), en 1900 foi elixido deputado polo partido Conservador que abandonou en 1904 para unirse ó partido Liberal. Foi Ministro de Comercio (1908), Ministro de Interior (1911) e Ministro de Facenda (1924).

En 1940 elixírono Primeiro Ministro (2ª Guerra Mundial) ata 1945 onde perdeu as eleccións contra os laboristas. Recuperou a Xefatura do Goberno (1951-1955). Tras dimitir adicouse á pintura e á literatura.

En 1953 obtivo o Premio Nobel de Literatura.

Reproducimos a seguir unha pasaxe da súa obra:

" A bomba caera sobre un pequeno hotel; non houbera feridos pero o lugar quedou reducido a un montón de vaixela, utensilios e mobles destrozados. O propietario, a súa esposa, e os cocinheiros e camareiros choraban. ¿Qué pasara coa súa casa? ¿De que vivirían entón? Velaquí un privilexio do poder. Axiña tomei unha resolución. No tren de regreso dicteí unha carta dirixida ó Ministro de Facenda, Kingsley Wood, establecendo o principio de que tódolos danos ocasionados polo fogo inimigo debían ir a cargo do Estado, e que habería que indemnizalos axiña e por completo. Deste xeito, a carga non caería só sobre aqueles que perderan o seu fogar, o seu lugar de traballo, senón que se repartiría entre toda a nación."

La Segunda Guerra Mundial, Winston S. Churchill (Volume I, páx.405)

Durante a guerra máis brutal da historia da Humanidade, o Primeiro Minsitro británico tivo a sensibilidade suficiente para tentar aliviar-lo sufrimento do seu pobo pola perda dos seus bens con motivo dos bombardeos alemáns sobre Gran Bretaña.

Pois ben, 62 anos despois non hai guerra, España "va Bien". Chega un barco de mal nome, Prestige, ¿E que sucede?:

- Non se sabe que facer (porque non se prevera).
 - Improvisase sobre a marcha (sen pensar nas consecuencias).
 - Non se consulta con ninguén (medianamente competente).
 - Négase o evidente.
 - Censúrase (hai que busca-la información en fontes estranxeiras).
 - Acúsase de deslealdade a toda a opinión discrepante.
 - Non hai medios (todo está privatizado).
 - Non queren ou non saben de onde saca-los cartos.
 - Todo queda en mans do voluntariado (non custa cartos).
 - A sociedade autoorganízase (porque o Estado non existe).
 - Méntese descaradamente (hai que defende-lo cargo, non á xente).
 - Minimízase o desastre (fiiños...pequenas manchas) como se con iso puidéramos minimiza-las consecuencias.
 - Mantense a parafernalia (homenaxease á bandeira pero non se axuda ós damnificados).
 - Maniféstase unha insensibilidade absoluta cara ás persoas que temen perde-lo seu sustento (non lles doe porque o seu non periga).
 - Enviase ós militares (tarde e mal preparados).
- As diferencias de como se afrontou acrise en Gran Bretaña en 1940 e en España no 2002 son notables a pesar de que ambas crises non son comparables, amais de estar separadas 62 anos no tempo.

Eles tiñan a Churcill e nós a M. Fraga e J.M. Aznar que demostra que non tódolos políticos son iguais por moito que se diga.

Non teño dúbidas de que algún día o Nacionalismo Galego administrará na Costa da Morte, mais teño dúbidas de se a Costa da Morte sobrevivirá ó P.P. Se non é así non quedará nada que administrar.

Rematamos cunha estrofa da poetisa Rosalía de Castro:

**Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española
que España de ti se olvida
cando eres ¡ai! tan fermosa**

.....

**Galicia ti non tes patria
ti vives no mundo soia
e a prole fecunda túa
se espalla en errantes hordas.**

.....

Lois Piñeiro _ Lugo, Nadal de 2002

Se crees que os teus intereses e os de todos os traballadores necesitan ser defendidos permanentemente, únete a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e abusos.

AFILIATE A CIG, POLO TEU INTERESE.

.....

BOLETÍN DE AFILIACIÓN

Nome e Apelidos _____ Matrícula _____

Categoría _____ Unidade de Traballo _____ Localidade _____

- Domiciliación das cotas por banco
- Domiciliación das cotas por nómina

Enviar a : Sección Sindical CIG, rua Cancela nº 8.

correo : cigcoruna-telef@terra.es

www.galizacig.com